

# Visita ao Norte: CEPRODE

*Dossier Informativo*



**Coa colaboración de:**



## ÍNDICE.

1. Visita ao Norte 2010: CEPRODE (Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación).
2. Axenda de CEPRODE en Galicia.
3. Que é CEPRODE?
4. Os proxectos do Fondo Galego no Perú.

## **1. Visita ao Norte 2010: CEPRODE (Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación).**

O Fondo Galego ten desde o seu nacemento unha relación específica co Perú; contando nestes 12 anos de cooperación cun total de 23 proxectos financiados ou cofinanciados e implementados por ongd's galegas e peruanas. Os proxectos apoiados e xestionados polo Fondo Galego teñen representado un total de máis de medio millón de euros.

**Froito desta intensa relación a Visita ao Norte deste ano será protagonizada por Óscar Pedro Almendáriz (Director financeiro de CEPRODE) e Rosario Huamán Castillo (Alcaldesa de Altavillos Alto, Provincia de Huaral).** Coas Visitas ao Norte achegamos o testemuño da realidade dos países do Sur e, ademais, permítese que os socios e as súas poboacións poidan coñecer, de primeira man, o traballo que cos seus recursos está a ser realizado nos países do Sur. Tamén se favorece o intercambio de ideas entre profesionais e activistas de sectores homólogos, aínda que separados por miles de kilómetros de distancia. Representa un esforzo de intelixencia colectiva. Trátase, pois, dun exercicio de sensibilización e transparencia de primeira orde.

O traballo do Fondo Galego con CEPRODE, ongd peruana coa que o Fondo traballa desde o 2004, xira entornado ao desenvolvemento local e rural das comunidades andinas na Rexión de Lima- Provincia de Huaral, integrando os enfoques de desenvolvemento humano e sustentable con perspectiva de xénero, por medio da planificación de proxectos e plans específicos en parcería coas Municipalidades da Provincia de Huaral, entre elas a de Altavillos Alto.

A presenza en Galicia tanto do Director financeiro de CEPRODE, como da propia Alcaldesa de Altavillos Alto, Rosario Huamán Castillo, permitiranos coñecer en primeira persoa os esforzos desenvolvidos e os proxectos de futuro para continuar a xerar redes de solidariedade entre Galicia e o Perú.

## **2. Axenda de CEPRODE en Galicia.**

**Sábado 22 de maio- Chegada ao aeroporto de Peinador: 13:00**

**Domingo 23 de maio - DESCANSO**

**Luns 24 de maio:**

12:00- Burela, na Casa do Concello, Rúa Eijo Garay, 20 (Lugo)  
(Visita institucional e encontro con representación da colonia peruana en Burela.)

15:00- Riotorto, na Casa do Concello, Praza das Rodrigas 1, Riotorto, (Lugo)  
(Comida e Visita institucional, ás 16:30 encontro coa Asociación de Mulleres Rurais do Pobo de Miranda e a Cooperativa de Labregos de Lugo.)

**Martes 25 de maio:**

11:30 Manzaneda, na Casa do Concello, Ronda da Cabarca, 10 (Ourense)  
(Visita institucional e Visita á explotación gandeira da Mata)

14:30/ 15:00 Póboa de Trives, na Casa do Concello, San Roque 4, 1º (Ourense)  
(Comida e Visita Institucional, ás 17:00 Encontro coa Federación de Mulleres ANARAL)

**Mércores 26 de maio:**

13:00 A Coruña, na Casa do Concello, Praza de María Pita, 1  
(Visita institucional)

16:30/17:00 Fene, na Casa do Concello, Avenida do Concello, s/n (A Coruña)  
(Visita institucional e encontro co movemento asociativo do Concello)

**Xoves 27 de maio:**

10:30 Dep. de Pontevedra, nos Servizos Sociais da Dep. de Pontevedra, Montero Ríos, s/n  
(Visita institucional e encontro con representantes de asociacións sociais)

17:30 A Guarda, na Casa do Concello, Praza de España, 1 (Pontevedra)  
(Visita institucional con responsables políticos e do Centro de Información da Muller do Concello da Guarda, tamén participarán representantes da Asociación de Mulleres rurais da Guarda e Asociación de mulleres progresistas da Guarda)

**Venres 28 de maio:**

11:00 Apertura da Asamblea de Socios do Fondo Galego en Santiago de Compostela.

13:00 Xuntanza coa subdirectora xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, Pilar Romero.

17:30/18:00 Baiona (Visita institucional /Visita turística guiada por traballadores do Concello)

**Sábado 29 de maio: Saída de Peinador- 13:50**

### **3. Que é CEPRODE?**

O **Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación –CEPRODE-**, é unha asociación civil, de dereito privado e sen fins de lucro, unha ONGD constituída o 15 de decembro de 1984 e incluída nos rexistros públicos de Lima. CEPRODE traballa na Rexión de Lima-Provincias, para o cal implementou o seu centro operativo en La Virgen, Esperanza Alta, Huaral, no 1989.

CEPRODE ten como **Misión** a seguinte:

- a) Promover o desenvolvemento integral e sustentable, en harmonía coas necesidades e intereses das comunidades humanas.
- b) Promover a educación por medio do desenvolvemento de capacidades e valores humanos, a fin de combater a extrema pobreza.

Para lograr estes fins estanse realizando as seguintes actividades:

- a) A constitución da Escola de lideresas e líderes, emprendedoras e emprendedores da xestión do desenvolvemento sustentable.
- b) A implementación de plans, proxectos, e programas económicos, sociais e ambientais para erradicar a extrema pobreza e favorecer as condicións básicas para o desenvolvemento, que serán sempre realizados dando énfase á formación de capacidades e os valores das comunidades humanas; a través dos que se promoverá o uso das tecnoloxías que xeran acceso real aos recursos naturais, traballo, emprego produtivo e ingresos; e a organización e articulación económica aos mercados, a través de cadeas produtivas e de valor; a fin de que os emprendedores locais teñan acceso equitativo ao mercado de produtos e servizos, en función da satisfacción das necesidades básicas das comunidades humanas de escasos recursos.
- c) Apoiar a consecución dos obxectivos nacionais expresados polas leis de descentralización, rexionalización e municipalización, empregando métodos que favorezan a institucionalidade democrática dos gobernos locais, a través da creación de espazos e encontros de diálogo, na procura de mecanismos de consenso, e na toma de acordos e articulación das entidades públicas e privadas comprometidas na loita por erradicar a pobreza e a promoción do desenvolvemento integral, sustentable e harmónico das comunidades humanas.

**A Visión de CEPRODE** propúxose contribuír dinamicamente nos procesos económicos, sociais e políticos de desenvolvemento sustentable no Perú, como país democrático e unitario, pluricultural, diverso e aberto ao mundo; onde os peruanos de todas as ideoloxías e tendencias poidamos actuar comprometidos na promoción do desenvolvemento sustentable e harmónico con achegas e participación directa das diversas rexións, municipalidades e comunidades humanas que conforman a nación, tendo como instrumentos institucionais os seguintes:

- a) O desenvolvemento de capacidades humanas e institucionais para a erradicación da pobreza e a promoción do desenvolvemento sustentable.
- b) A participación nos procesos de planificación local e rexional, como instrumentos básicos para o desenvolvemento do Perú.

CEPRODE comprométese neste proceso de longo percorrido, e opina que actuando de forma permanente e persistente, en harmonía coas políticas de descentralización, municipalización e rexionalización durante un período de vinte anos, será erradicada a pobreza e obtidos os gaños do desenvolvemento sustentable no Perú.

### **Programas prioritarios de intervención de CEPRODE:**

CEPRODE está actuando en programas de acción cos municipios rurais andinos en función de cooperar no fortalecemento das políticas de descentralización, rexionalización e municipalización. Para este obxectivo formuláronse proxectos que promocioman o fortalecemento do desenvolvemento sustentable dos municipios e as comunidades andinas, por medio de programas de desenvolvemento de capacidades, a planificación estratéxica do desenvolvemento local; e a procura de financiamentos para os diferentes plans, proxectos e programas que foran identificados como prioritarios polos mesmos beneficiarios, que serán financiados deste xeito cos recursos dos orzamentos participativos dos gobernos locais e dos organismos públicos sectoriais descentralizados.

Ademais CEPRODE relaciónase con organismos de cooperación técnica internacional a fin de executar proxectos medulares de amplo impacto económico, social, e ambiental, que desenvolvan as capacidades humanas, a planificación local e o financiamento dos plans e programas económicos, sociais e ambientais de desenvolvemento sustentable nas zonas andinas afectadas pola extrema pobreza.

### **CEPRODE e o Fondo Galego:**

Desde maio de 2004, cando foi publicada a Lei Orgánica de Municipalidades, Ley nº27972, CEPRODE comezou a traballar coas 12 municipalidades distritais de Huaral a fin de cumprir a súa misión institucional, subscribindo ese mesmo ano o primeiro Convenio Marco de Cooperación coa Municipalidade Provincial para promover o desenvolvemento rural da Provincia de Huaral. Foi entón cando o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade financiou a execución do proxecto: “Xestión Municipal e participación cidadá para a promoción do desenvolvemento rural”, que foi executado coa participación de 9 municipalidades da Provincia de Huaral, coa finalidade de fortalecer a xestión de Alcaldes, Rexidores e Funcionarios das Municipalidades, a fin de que coñezan o novo rol dos gobernos locais como promotores de desenvolvemento local. O monto deste proxecto ascendeu a 205.000€ e estivo en execución durante 2004 e 2005. No 2009 o Fondo Galego financiou un novo proxecto de CEPRODE “Xestión de desenvolvemento sustentable en municipios rurais andinos” que tivo como obxectivo xeral fortalecer a xestión municipal e comunal para o desenvolvemento sustentable e a erradicación da pobreza.

A execución destes dous proxectos xunto ao esforzo e a experiencia acumulada durante a súa execución levaron a CEPRODE a ver a relevancia de novos obxectivos sociais na consecución do desenvolvemento sustentable e a erradicación da pobreza, decidíndose focalizar un obxectivo prioritario ao redor da formación da muller andina na procura da equidade de xénero. **Destá maneira, actualmente CEPRODE atópase presentando en Galicia o proxecto “Xestión do desenvolvemento sustentable con enfoque de xénero en municipios rurais andinos”.**

### 3. Os proxectos do Fondo Galego no Perú.

#### A) Resumo:

	Proxectos	Parceiro	Orzamento total do proxecto	Achega Fondo Galego	Xunta de Galicia
1998	Instalación de auga potable	Amigos Escaes-Perú	7.392,44 €	4.508 €	
	Módulos básicos para servizos hixiénicos e lavandería	INTI	6.394,76 €	5.024,46 €	
1999	Instalación de emisoras de radiocomunicación entre poboacións indíxenas	Paz e Solidariedade	8.835,93 €	8.835,93 €	
2000	Instalación dun módulo de ovinos raza Corriedale, en Ambulco Grande.	Amigos Escaes-Perú	10.637,64 €	10.637,64 €	
2001	Instalación dun módulo ovino da raza Corriedale	Amigos Escaes-Perú	39.695,86 €	28.567,83 €	
2002	Asistencia médica e cirúrxica gratuíta.	Solidariedade Galega.	38.128,21 €	6.010,12 €	
2003	Saúde e desenvolvemento Labañou-Vilcabamba	Asociación Labañou Solidaria.	18.960 €	6.000 €	
	Apoio productivo á muller rural e ó desenvolvemento local no distrito de Junín.	Asociación Entrepobos	102.209,00 €	24.071,74 €	
2004	Instalación de latrinas na comunidade campesiña de José Olaya.	INTI.	4.574,70 €	3.574,70 €	
	Xestión municipal e participación cidadá no desenvolvemento rural. 1ª Fase.	CEPRODE	125.787 €	99.893 €	
2005	Mellora da Atención no Departamento de Pediatría e Emerxencias Pediátricas, Hospital Nacional 2 de Maio.	Oficina Executiva de Planificación Estratéxica do Hospital Nacional 2 de Maio.	40.448,50 €	40.448,50 €	
	Bicicletas para promotoras/es comunitarias/es de Cajamarca.	Bicis pola Paz.	4.600 €	2.300 €	
	Xestión municipal e participación cidadá no desenvolvemento rural. 2ª Fase.	CEPRODE	244.202 €	5.950,82 €	101.603,18 €
	Turismo solidario, un xeito innovador e creativo de promover o emprego xuvenil e a identidade local.	Tierra de Niños.	41.687,85 €	31.688 €	
	Construción de servizos hixiénicos para nenos e nenas con necesidades educativas especiais.	INTI.	3.000 €	1.190 €	
2006	Turismo solidario, un xeito innovador e creativo de promover o emprego xuvenil e a identidade local.	Tierra de Niños.	41.687,85 €	31.688 €	
	Construción de servizos hixiénicos para nenos e nenas con necesidades educativas especiais.	INTI.	3.000 €	1.190 €	
2007	Cría de animais menores. Fogar de Santa María de Huancarama.	INTI.	3.092,73 €	3.000 €	
	Bicicletas para fortalecer o desenvolvemento rural das provincias de San Marcos e Cajabamba.	Bicis pola Paz.	4.750 €	2.300 €	
	Proxecto de Turismo Solidario Killa Wasi, 2ª Fase.	Tierra de Niños.	48.096,17 €	24.048 €	
2008	Axuda á reconstrución nas áreas devastadas polo terremoto de agosto 2007.	Tierra de Niños.	23.316,36 €	11.316,36 €	
2009	Xestión do desenvolvemento sostible en municipios rurais andinos.	CEPRODE	119.905,68 €	1.200 €	54.006,68 €
	Construción de módulo educativo integral: aula para nen@s de 4 anos, servizos hixiénicos incorporados, patio central e muro de contención na I.E.I. N°6080 – Rosa de América	Tierra de Niños.	53.028,16 €	842,34 €	45.811,28 €
				<b>TOTAL ACHEGAS FONDO GALEGO</b>	<b>TOTAL ACHEGAS COFINANCIADAS DA XUNTA DE GALICIA</b>
				<b>354.285,44 €</b>	<b>155.609,86 €</b>

## **b) Detalles.**

### **1998**

#### **Instalación de auga potable.**

---

**ONG: AMIGOS ESCAES-PERÚ.**

**País:** Perú. Caserío Chulangate, Cutervo- Cajamarca. Marañón.

**Orzamento:** 1.230.000 pta./ 7392,44 €

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 750.000 ptas.

**Cantidade achegada polo Fondo:** 750.000 ptas/ 4.508 €

**Resumo:** Mellorar a calidade de vida dos campesiños e contribuír á planificación do país mellorando os servizos e infraestruturas abastecendo de auga potable á poboación axudando así a evitar a transmisión de enfermidades como a diarrea, cólera, febre tifoidea, sarna, disentería, lepra...

#### **Módulos básicos para servicios hixiénicos e lavandería.**

---

**ONG: INTI.**

**País:** Perú.

**Orzamento:** 1.064.000 pta. /6394,76 €

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 836.000 pta.

**Cantidade polo Fondo:** 836.000 pta./ 5024,46 €

**Resumo:** Como consecuencia da precaria situación das familias que viven nunha soa habitación, carecendo de servizos hixiénicos mínimos, preténdese a construción de tres módulos básicos consistentes cada un deles en: ducha, retrete e unha tina para lavar.

### **1999**

#### **Instalación de emisoras de radiocomunicación entre poboacións indíxenas.**

---

**ONG: PAZ E SOLIDARIEDADE**

**País:** Perú.

**Orzamento:** 1.470.176.pta/ 8835,93 €

**Cuantía solicitada e concedida:** 1.470.176.pta/ 8835,93 €

**Resumo:** Instalación de emisoras de radiocomunicación entre poboacións indíxenas instalando emisoras de radio e formando grupos de indíxenas para actuacións coordinadas en materia de sanidade e sobre todo de seguridade, por ser unha zona donde actúan os grupos de narcoterroristas.

## **2000**

### **Instalación dun módulo de ovinos raza Corriedale, en Ambulco Grande 1ª fase.**

---

**ONG: Amigos Escaes-Perú.**

**País:** Perú.

**Orzamento:** 1.769.955 pta./ 10.637,64€

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 1.769.955 pta.

**Cantidade achegada polo Fondo:** 1.769.955 pta./ 10.637,64€

**Resumo:** Fortalecer a organización do Caserío de Ambulco Grande (extrema pobreza) para que poidan obter, crear e conducir microproxectos con fondo rotatorio para mellorar a súa cualidade de vida mediante o uso sostible de recursos, e partindo da produción agropecuaria.

## **2001**

### **Instalación dun módulo ovino da raza Corriedale, en Ambulco Grande 2ª fase.**

---

**ONG: Amigos Escaes-Perú.**

**País:** Perú.

**Orzamento:** 6.604.837 pta./ 39.695,86 €

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 4.753.287 pta.

**Cantidade achegada polo Fondo:** 4.753.287 pta./ 28.567,83 €

**Resumo:** Impulso da instalación dun módulo de ovinos da raza Corriedale coa fin de mellorar xeneticamente a raza da zona, incrementando así a produción e produtividade de carne e de lá. Construcción do correspondente curral, mellora do pasto e equipamento do botiquín veterinario. Contempla a adquisición de dous teares industriais para aproveitar a produción de lá e a capacitación dos campesiños para garanti-la continuidade do proxecto.

## **2002**

### **Asistencia médica e cirúrxica gratuíta.**

---

**ONG: Solidariedade Galega.**

**País:** Perú.

**Orzamento:** 38.128,207 €

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 6.010,12 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 6.010,12 €

**Resumo:** Asistencia pediátrica, oftalmolóxica, ciruxía xeral e docencia do persoal autóctono, con desprazamento de material e de recursos humanos desde Galicia.

## 2003

### Saúde e desenvolvemento Labañou-Vilcabamba.

---

**ONG:** Asociación Labañou Solidaria.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 18.960 euros.

**Achega ONG:** 6.000 euros.

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 6.000 euros.

**Cantidade achegada polo Fondo:** 6.000 euros.

**Resumo:** Contribuír á mellora do nivel de saúde e de calidade de vida da poboación de Vilcabamba. Este obxectivo conseguírase abarcando diversos ámbitos: agricultura, comunicacións, educación, saneamento...

### Apoio productivo á muller rural e ó desenvolvemento local no distrito de Junín.

---

**ONG:** Asociación Entrepobos.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 102.209,02 euros.

**Cantidade aportada pola Contraparte:** 17.100 euros.

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 24.071,74 euros.

**Cantidade a aportar polo Fondo:** 24.071,74 euros.

**Cofinanciadores:** Xunta de Galicia.

**Resumo:** Mellorar a situación económica da poboación campesiña do distrito a través do apoio á produción agropecuaria, o impulso e fortalecemento da organización das mulleres e a xestión comunitaria, no marco da coordinación e da participación das institucións públicas contribuíndo á definición de estratexias de desenvolvemento distrital.

## 2004

### Instalación de latrinas na comunidade campesiña de José Olaya.

---

**ONG:** INTI.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 4.574,70 €

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 3.574,70 €

**Cantidade a aportar polo Fondo:** 3.574,70 €

**Aportación ONG:** 1.000 €

**Resumo:** Mellorar as condicións de saúde das familias campesiñas da comunidade de José Olaya, así como conseguir unha diminución da contaminación ambiental da comunidade, reducindo o número de enfermidades infecto contaxiosas.

## **Xestión municipal e participación cidadá no desenvolvemento rural. 1ª Fase.**

---

**ONGD:** CEPRODE (Centro de promoción do desenvolvemento rural e a participación cidadá)

**Orzamento:** 125.787€

**Cantidade solicitada ó Fondo:** 99.893€

**Cantidade achegada polo Fondo:** 99.893€

**Cofinanciadores:** Xunta de Galicia.

**Resumo:** Promoción da xestión municipal do desenvolvemento rural e a participación cidadá dos 12 distritos da provincia de Huaral. Realización de actividades de capacitación das autoridades, líderes e cidadás que participen na formulación e xestión dos plans de desenvolvemento, a través dos mecanismo de participación cidadá.

## **2005**

### **Mellora da Atención no Departamento de Pediatría e Emerxencias Pediátricas, Hospital Nacional 2 de Maio.**

---

**ONGD:** Oficina Executiva de Planificación Estratéxica do Hospital Nacional 2 de Maio.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 40.448,50 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 40.448,50 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 40.448,50 €

**Resumo:** Mellora da cobertura de atención especializada no Departamento de Pediatría e Emerxencias Pediátricas do Hospital Nacional 2 de Maio.

**Observacións:** O Concello de Lugo asume o 50 % do orzamento solicitado.

### **Bicicletas para promotoras/es comunitarias/es de Cajamarca.**

---

**ONGD:** Bicis pola Paz.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 4.600 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 2.300 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 2.300 €

**Cantidade achegada pola ONGD:** 2.300 €

**Resumo:** Promover a mellora das condicións de vida das familias labregas das provincias de San Marcos e Cajabamba, apoiando aos promotores comunitarios.

## **Xestión municipal e participación cidadá no desenvolvemento rural. 2ª Fase.**

---

**Parceiro:** CEPRODE (Centro de Promoción do Desenvolvemento e o Ensino).

**País:** Perú.

**Orzamento:** 244.202 €

**Cantidade solicitada:** 107.554 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 5.950,82 €

**Cantidade achegada pola Xunta de Galicia:** 101.603,18 €

**Cantidade achegada polo parceiro:** 136.648 €

**Resumo:** Promoción da xestión municipal do desenvolvemento rural e a participación cidadá dos 12 distritos da provincia de Huaral. Realización de actividades de capacitación das autoridades, líderes e cidadás que participen na formulación e xestión dos plans de desenvolvemento, a través dos mecanismo de participación cidadá.

**Observacións:** Segunda fase dun proxecto iniciado en 2004.

## **Turismo solidario, un xeito innovador e creativo de promover o emprego xuvenil e a identidade local.**

---

**ONGD:** Tierra de Niños.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 41.687,85 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 41.688 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 31.688 €

**Resumo:** Artellar os procesos educativos locais para o fortalecemento da identidade cultural dos nen@s e dos xóvenes dos distritos. Valorar a historia e orixe das comunidades integrantes do circuíto turístico, afortalar as organizacións locais, agrupacións xuvenís, artesáns, etc, nos mecanismos de empleabilidade e xestión turística.

**Sector:** Capacitación-educación e cultura. Necesidades estratéxicas.

## **Construcción de servizos hixiénicos para nenos e nenas con necesidades educativas especiais.**

---

**ONGD:** INTI.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 3.000 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 2.380 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 1.190 €

**Cantidade achegada polo Concello de Gondomar:** 1.190 €

**Cantidade achegada pola ONGD:** 620 €

**Resumo:** Brindar servizos hixiénicos seguros e de calidade para mellorar a atención da hixiene e saúde de setenta alumn@ con necesidades educativas especiais.

**Sector:** Saneamento. Necesidades básicas.

## **2006**

### **Turismo solidario, un xeito innovador e creativo de promover o emprego xuvenil e a identidade local.**

---

**ONGD:** Tierra de Niños.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 41.687,85 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 41.688 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 31.688 €

**Resumo:** Artellar os procesos educativos locais para o fortalecemento da identidade cultural dos nen@s e dos xóvenes dos distritos. Valorar a historia e orixe das comunidades integrantes do circuíto turístico, afortalar as organizacións locais, agrupacións xuvenís, artesáns, etc, nos mecanismos de empleabilidade e xestión turística.

**Sector:** Capacitación-educación e cultura. Necesidades estratéxicas.

### **Construcción de servizos hixiénicos para nenos e nenas con necesidades educativas especiais.**

---

**ONGD:** INTI.

**País:** Perú.

**Orzamento:** 3.000 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 2.380 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 1.190 €

**Cantidade achegada polo Concello de Gondomar:** 1.190 €

**Cantidade achegada pola ONGD:** 620 €

**Resumo:** Brindar servizos hixiénicos seguros e de calidade para mellorar a atención da hixiene e saúde de setenta alumn@ con necesidades educativas especiais.

**Sector:** Saneamento. Necesidades básicas.

## **2007**

### **Cría de animais menores. Fogar de Santa María de Huancarama.**

---

**ONGD:** INTI.

**Parceiro:** Fogar de Santa María de Huancarama.

**Orzamento total:** 3.092,73 €

**Achega do Fondo Galego:** 3.000 €

**Resumo:** O presente proxecto pretende mellorar a calidade de vida das nenas do Fogar de Santa María Goretti; para tal fin construírase unha granxa de cría de animais menores: polos e cuies. Beneficiarias: 50 nenas.

**Sector:** Seguridade alimentaria. Necesidades básicas.

### **Bicicletas para fortalecer o desenvolvemento rural das provincias de San Marcos e Cajabampa.**

---

**ONGD:** Bicis pola Paz.

**Parceiros:** Asociación para el Desarrollo Integral (ADIAR).

**Orzamento:** 4.750 €

**Achega do Fondo Galego:** 2.300 €.

**Achega da ONGD:** 2.450 €.

**Resumo:** O proxecto consiste na compra de 60 bicicletas co obxectivo de apoiar ás actividades de asistencia técnica dos/as promotores/as comunitarios/as nas áreas de educación sanitaria, nutricional, e nos sectores pecuarios e agrícolas. O obxectivo xeral é promover o desenvolvemento das condicións de vida das familias labregas.

**Sector:** Transporte. Necesidades estratéxicas.

### **Proxecto de Turismo Solidario Killa Wasi, 2ª Fase.**

---

**Entidade:** Tierra de Niños.

**Orzamento total:** 48.096,17 €

**Achega do Fondo Galego:** 24.048 €

**Resumo:** O proxecto consiste na realización de actividades de promoción do programa e recadación de fondos; capacitación aos guías; obradoiros de capacitación aos membros da rede; escola de formación en micro-negocios; equipamentos co obxectivo de promover a identidade local xerando experiencias emprendedoras no eido do turismo solidario.

**Sector:** Capacitación. Economía social. Eco-turismo. Necesidades estratéxicas.

## **2008**

### **Axuda á reconstrución nas áreas devastadas polo terremoto de agosto 2007.**

---

**Parceiro:** Tierra de Niños.

**Orzamento:** 23.316,36 €

**Achega do Fondo Galego:** 11.316,36 €

**Achega do Concello de A Coruña:** 12.000,00 €

**Resumo:** Intervención Educativa en Cañete, Zona Sur, da Rexión Lima. Fase de reconstrución tralo terremoto do 15 de agosto de 2007.

## **2009**

### **Xestión do desenvolvemento sostible en municipios rurais andinos.**

---

**Parceiro:** Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación.

**Orzamento Total:** 119.905,68 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 55.206,68 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 1.200 €

**Cantidade achegada pola Xunta de Galicia:** 54.006,68 €

**Cantidade achegada polo parceiro:** 64.699 €

**Resumo:** O proxecto orientase a prestar atención prioritaria aos municipios rurais andinos da provincia de Huaral, a fin de que desenvolvan as súas capacidades de xestión do desenvolvemento sostible nas áreas económica, social e ambiental, a favor das comunidades campesiñas andinas.

**Observacións:** Conta cunha achega adicional do Concello da Coruña.

**Construción de módulo educativo integral: aula para nen@s de 4 anos,  
servizos hixiánicos incorporados, patio central e muro de contención na  
I.E.I. N°6080 – Rosa de América**

---

**Parceiro:** Tierra de niñ@s

**Orzamento Total:** 53.028,16 €

**Cantidade solicitada ao Fondo:** 46.911,29 €

**Cantidade achegada polo Fondo:** 842,34 €

**Cantidade achegada pola Xunta de Galicia:** 45.811,28 €

**Resumo:** Esta proposta ten por obxectivo fortalecer e construír capacidades e habilidades en 60 nenos e nenas de 4 anos, ofrecéndolles oportunidades de acceder exitosamente ao sistema educativo e desenvolver as súas capacidades oportunamente.